

Proxecto  
Lingüístico  
2022-2023



## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.
2. MARCO LEGAL.
3. ESTUDIO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO.
4. OBXECTIVOS XERAIS.
5. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DO TRATAMENTO INTEGRADO DAS LINGUAS.
6. DISTRIBUCIÓN DAS MATERIAS SEGUNDO A LINGUA VEHICULAR.
7. ACTUACIÓNS DINAMIZADORAS.
8. CRITERIOS PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO.



## 1. INTRODUCCIÓN.

O Proxecto Lingüístico xorde como resposta á necesidade de planificación lingüística que como centro imos tentar perseguir co fin de acadar os obxectivos que a lexislación vixente propón, facendo un percorrido dende o artigo 3 da Constitución, ao artigo 5 do Estatuto de Autonomía, pasando pola Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, ata chegar ao Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG do 25 de maio), que dedica o seu artigo 14 ao denominado Proxecto Lingüístico do Centro (PLC) establecendo os seguintes puntos:

1. Cada centro, dentro do seu Proxecto Educativo, elaborará o seu Proxecto Lingüístico cada catro cursos escolares no cal se fará constar: A decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias. As medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten. Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.
2. O Proxecto Lingüístico formará parte do Proxecto Educativo do Centro. Será redactado por unha comisión do profesorado do centro, designada polo Equipo Directivo, oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica. Formarán parte dela, como mínimo, os xefes/as dos departamentos de linguas e o coordinador/a do equipo de dinamización da lingua galega. Será avaliado polo Consello Escolar do centro educativo.
3. Este proxecto remitiráselles cada catro curso escolares aos servizos de inspección educativa, que velarán para que o seu contido se axuste a este decreto e ao desenvolvemento da lexislación vixente.



4. Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:
- Nos centros que imparten Educación Infantil, os resultados da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
  - En todos os centros en que haxa una modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), informárase sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola Consellería de Educación.
  - Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.
5. Sen prexuízo do previsto no epígrafe 4, a Administración Educativa avaliará os proxectos lingüísticos dos centros e fará o seguimento dos resultados que se desprendan da súa aplicación coas finalidade de adoptar, se é o caso, as medidas necesarias para garantir que o alumnado adquira de forma oral e escrita a competencia lingüística propia de cada nivel e etapa nas dúas linguas oficiais de Galicia, como establece o artigo 14.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.

## 2. MARCO LEGAL.

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os que seguen:

- Lei 3/1983, do 15 de xuño de Normalización Lingüística.
- Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.



- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Decreto 105/2015, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia.
- Instrucción para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal de Xustiza de Galicia.

### 3. ESTUDIO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO.

#### a. Contorno sociolingüístico:

O noso Ceip atópase en pleno casco vello da cidade de A Coruña, nunha zona céntrica da cidade. O número de alumnos/as para o presente curso é de 179. A súa procedencia é dun entorno urbano. A maior parte das familias traballa no sector terciario (comercio, funcionarios – hospital, xulgado, mestres, ...hostalaría).

O Concello conta cunha ampla oferta cultural, tanto en galego como en castelán, e realizan actividades que potencian o uso do galego (tanto na fala coma na escrita) a través de certames, concursos e outros tipos de actividades lúdicas (lecturas, poesías de Rosalía, ...).



As familias falan maioritariamente castelán, tanto na súa relación familiar como cando se dirixen ao centro.

### **b. Situación do profesorado.**

O conxunto do profesorado posúe o título de galego necesario para acreditar a súa competencia lingüística.

A pesar do claro dominio do galego que ten o profesorado poucos/as o empregan como lingua vehicular, aínda que non hai ningún caso de rexeitamento da lingua e as actitudes para a utilización das dúas linguas sinaladas no decreto por parte do profesorado son totalmente positivas.

### **c. Situación do alumnado.**

Os nenos e nenas utilizan na súa comunicación cotiá cos e coas iguais da súa idade e no ámbito familiar a lingua castelá.

Ao longo das etapas de educación infantil e primaria observamos que lles costa expresarse con fluidez en algúns casos, cometendo moitos “castelanismos”, pero non se observa un rexeitamento cara o idioma galego.

O alumnado que ven doutras comunidade ou países non soe solicitar a exención en lingua galega e pouco a pouco vanse adaptando e aprendendo o idioma.

### **d. Situación lingüística do Centro.**

O centro fai unha clara aposta por potenciar e normalizar o uso do galego, empregándoo como lingua de comunicación oficial coas familias (abalar, páxina web...). Ademais toda a documentación curricular e pedagóxica está nesta lingua: plans, programas, proxectos,... Porén, inténtase promover o uso integrado das linguas tanto a nivel curricular como nas actividades complementarias e extraescolares.

Por outra banda, dende o curso pasado dende o equipo de biblioteca e do equipo de dinamización da lingua galega estase a promover o uso do galego, a través da adquisición de libros en galego, aumentando así os recursos para o alumnado.



#### 4. OBXECTIVOS XERAIS:

- Garantir a adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- Garantir o máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- Adquirir un coñecemento efectivo en lingua estranxeira (inglés), nun marco xeral de promoción do plurilingüismo no sistema educativo de Galicia.
- Potenciar a valoración positiva das linguas como vehículos de comunicación en todos os ámbitos da actividade educativa.
- Concienciar ao alumnado da importancia do uso do galego como lingua propia.
- Utilizar as linguas de xeito integrado nas relacións internas do centro: reunións, actas, rotulacións do centro e publicacións.
- Normalizar o uso da lingua galega como lingua oficial nas relacións externas do centro: escritos, circulares, xestión administrativa,...
- Realizar proxectos de centro para a realización de actividades que promovan o tratamento integrado das linguas.
- Mellorar a competencia lingüística dos membros da Comunidade Educativa.

Un dos obxectivos deste proxecto é o progreso do alumnado nas catro destrezas básicas e instrumentais que compoñen as linguas: escoitar, ler, falar e escribir. Neste sentido cómpre engadir os seguintes obxectivos:

- Expresarse oralmente e por escrito con coherencia, corrección, creatividade e adecuación ás súas necesidades educativas.
- Comprender diferentes tipos de mensaxes valorando o seu uso en situacións e contextos diferentes.
- Utilizar a linguaxe oral e escrita como medio para analizar, comprender e organizar saberes e feitos de calquera tipo.



- Saber ler con fluidez, comprender e manter unha actitude crítica, tendo sempre presente que a lectura é unha fonte de pracer.

Tendo estas destrezas presentes debemos potenciar o interese do alumnado pola nosa cultura e pola nosa lingua, polas culturas das linguas impartidas no centro e por aquelas que dalgún xeito teñen presenza no colexio (alumnado estranxeiro), polo que o profesorado ten unha importante tarefa en canto a que:

- Proporcionará toda aquela información que considere necesaria para a motivación do alumnado cara as linguas impartidas no centro.
- Promoverá o traballo colaborativo tanto dentro das aulas como entre os distintos niveis ou mesmo con outros centros.

### **5. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DO TRATAMENTO INTEGRADO DAS LINGUAS.**

#### **A) Da contorna do centro.**

##### 1. Obxectivos:

- Promover a colaboración coa contorna do centro: co Concello, con asociacións culturais, coa Biblioteca pública, centro cívico...
- Aumento progresivo do emprego do galego ou das linguas estranxeiras (fronte ao vixente predominio do castelán) nas relacións de carácter non oficial, tanto internas como externas ao centro.
- Tentar vencer prexuizos cara o galego especialmente nos ámbitos tecnolóxicos, científicos e culturais.
- Estimular actitudes favorables cara todas as linguas con presenza no centro, evitando que se traduza nun uso xeneralizado do castelán como lingua maioritaria.





- Incorporar nas programacións didácticas, sempre que resulte posible, a realidade, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, literatura, arte e folclore das distintas linguas.

### 2. Liñas de actuación:

- Colaboración coa ANPA e familias ofrecéndolles asesoramento lingüístico e actividades en común que fomenten o tratamento integrado das linguas.
- O profesorado pode transmitir mediante reunións de titoría coas familias, conversas informais, pautas e observacións, a idoneidade do plurilingüismo para calquera alumno/a.
- Levar a cabo charlas-coloquio nas que se explique a natural adquisición das linguas por parte do alumnado.
- Realizar actividades/proxectos nos que as persoas da contorna podan observar os beneficios que o tratamento integrado das linguas aporta á competencia lingüística do alumnado (prensa, uso das TICs, celebracións escolares, festivais, etc.).

### B) Do profesorado.

#### 1. Obxectivos:

- Promover unha maior variedade de uso das linguas entre os docentes e nas relacións escolares en xeral, intentando equiparar o uso de todas as linguas con presenza no centro.
- Promover a integración das novas tecnoloxías como estratexia didáctica entre o profesorado.
- Tentar que o profesorado acade plena competencia para desenvolver o seu labor docente no ámbito do tratamento integrado das linguas e os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas de planificación lingüística escolar.
- Contar con actividades frecuentes nas distintas linguas con presenza no centro.
- Promover o traballo en equipo por parte de todo o profesorado do centro co fin de crear espazos/actividades/traballos cun ou máis dun docente na aula, actividades fóra da escola, etc.



### 2. Liñas de actuación:

- As diferentes culturas estarán presentes na hora do conto e na sesión de lectura que se levará a cabo nas distintas linguas impartidas no centro.
- Dotar de material bibliográfico que axude a resolver calquera dúbida referente ás linguas do centro, así como dicionarios de aula, libros de gramática, material audiovisual e informático, correctores, páxinas web relacionadas coas distintas linguas e culturas.
- Colaborar coa Biblioteca e co EDL do centro nas actividades propostas, co fin de facelas máis enriquecedoras e motivadoras.

### C) Do alumnado

#### 1. Obxectivos:

- Aumentar progresivamente a súa competencia comunicativa nas linguas impartidas no centro.
- Estimular actitudes favorables cara a aprendizaxe das linguas.
- Achegar a aprendizaxe integrada das linguas ás familias do alumnado coidando forma e contido.
- Promover a oralidade.
- Potenciar a utilización de todas as linguas presentes no centro como posibles linguas vehiculares dentro da aula.

#### 2. Liñas de actuación:

- Empregar unha metodoloxía activa e motivadora.
- Utilizar as distintas linguas en actividades non estritamente escolares (nos patios, saída e entrada do centro,...).
- Facer uso dun material didáctico motivador axeitado ao nivel do alumnado.



- Achegar ao alumnado ás distintas manifestacións culturais que gardan relación coas linguas: á música, ás tradicións, á literatura popular, ás adiviñas, aos trabalinguas, aos xogos tradicionais,....
- Procurar a existencia de actividades que promovan as linguas e culturas do centro: contacontos, obradoiros, concertos, obras de teatro, etc.

### D) Do Centro:

#### 1. Obxectivos:

- Aumentar progresivamente o uso dos distintos idiomas nas relacións de carácter non oficial, tanto internas como externas ao centro.
- Fomentar a participación en campañas de animación á lectura e outras propostas programadas polo EDL e polo equipo de Biblioteca.
- Utilizar a información como canle de promoción das linguas impartidas no centro.
- Aumentar a variedade lingüística nas relacións do centro.
- Empregar a lingua galega como vehículo de expresión nas relacións de carácter oficial, tanto internas externas.

#### 2. Liñas de actuación:

- Motivar á ANPA e as familias sobre o uso integrado das linguas tanto nas actividades do comedor como en actividades extraescolares que se levan a cabo no centro, facilitándolles toda a axuda que precisen.
- Realizaranse actos (contacontos, festivais, celebracións,....) aos que ten acceso toda a comunidade educativa escolar nas distintas linguas do centro.
- O desenvolvemento das tarefas dos distintos órganos de goberno e docentes realizarase en lingua galega.
- A comunicación do centro coas distintas administración galegas farase sempre na lingua propia.



## E) De Dinamización Lingüística:

### 1. Obxectivos:

- Potenciar a valoración positiva do uso do galego en todos os ámbitos da actividade educativa.
- Concienciar ao alumnado da importancia do uso da nosa lingua.
- Utilizar a lingua galega nas relacións internas do centro: reunións, actas, rotulacións do centro e publicacións.
- Fomentar a formación de grupos de traballo e fomentar a colaboración interdisciplinar para a realización de actividades que promovan o uso da lingua galega.
- Mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
- Utilizar a lingua galega como lingua oficial nas relacións externas do centro: escritos, circulares, xestión administrativa,...

### 2. Liñas de actuación deseñadas:

- Dinamizar a lingua e cultura galega tentando eliminar prexuízos e fomentar o uso do galego, tanto na vida do centro como nas aulas.
- Tratar de recuperar as festas de carácter anual e tradicional (Magosto, Samaín, Entroido,...)
- Organizar a celebración da Semana das Letras Galegas con murais elaborados polos/ alumnos/as do centro.
- Realizar traballo e actividades do autor homenaxeado nas Letras Galegas.
- Elaborar unidades didácticas, co material complementario correspondente, para o estudo de personaxes ilustres ou de temas relacionados coa lingua e cultura galegas.
- Propoñer a adquisición de libros, aplicacións informáticas e outros materiais en lingua galega.
- Dinamizar a páxina web e blogs do centro relacionados coa biblioteca e o equipo de dinamización lingüística.
- Festexar de distintas maneiras as festas tradicionais cun obxectivo lúdico e educativo.



- Transmitir os valores e tradicións de cada festividade.
- Fomentar o aprecio á tradición e á necesidade de conservala en toda a comunidade educativa, facéndoa partícipe tanto da celebración como da súa preparación.
- Elaborar cada curso un proxecto de actividades para incorporar á Programación Xeral Anual no que se concretarán os obxectivos recollidos neste Proxecto.

## 6. DISTRIBUCIÓN DAS MATERIAS SEGUNDO A LINGUA VEHICULAR.

### Educación Infantil:

O alumnado de educación infantil inicia o contacto con linguas e culturas distintas as da familia, polo que se fomentará, mediante tarefas globalizadas e flexibles, actitudes de respecto e aprecio pola diversidade lingüística e cultural.

O profesorado traballará co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia lingüística en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia e na adquisición dun coñecemento efectivo en lingua estranxeira.

Traballarase tanto a competencia oral como a competencia escrita, adaptando os obxectivos da adquisición das linguas ás características desta etapa.



### Educación Primaria:

1ºE.P.			
MATERIAS QUE SE IMPARTEN EN	HORAS		
	INGLÉS	CASTELÁN	GALEGO
Lingua galega e literatura			4
Ciencias Sociais			2
Ciencias da Natureza			3
Música e danza		1	
Educación plástica e visual			1
Relixión Católica		1	1
Lingua castelá e literatura		4	
Matemáticas		5	
Lingua estranxeira: inglés	2		
Educación Física		2	
Proxecto competencial			1
Hora de ler (25 minutos).		2	3
2ºE.P.			
Lingua galega e literatura			4
Ciencias Sociais			2
Ciencias da Natureza			2
Música		1	
Plástica		1	
Relixión Católica		2	
Valores sociais e cívicos		2	
Lingua castelá e literatura		4	
Matemáticas		5	
Lingua estranxeira: inglés	2		
Educación Física		2	
Hora de ler (25 minutos).		2	3
3ºE.P.			
Lingua galega e literatura			4
Ciencias Sociais			2
Ciencias da Natureza			3
Música e danza		1	
Educación plástica e visual		1	
Relixión Católica		1	
Lingua castelá e literatura		4	
Matemáticas		4	



Lingua estranxeira: inglés	3		
Educación Física			2
Proxecto competencial		1	
Hora de ler (25 minutos).		3	2
<b>4ºE.P.</b>			
Lingua galega e literatura			4
Ciencias Sociais			2
Ciencias da Natureza			2
Música		1	
Plástica			1
Relixión Católica		1	
Valores sociais e cívicos			1
Lingua castelá e literatura		4	
Matemáticas		5	
Lingua estranxeira: inglés	3		
Educación Física			2
Hora de ler (25 minutos).	1	2	2



5ºE.P.			
Lingue galega e literatura			4
Ciencias Sociais			2
Ciencias da Natureza			3
Música e danza		1	
Educación plástica e visual			1
Relixión Católica		1	
Lingua castelá e literatura		4	
Matemáticas		4	
Lingua estranxeira: inglés	3		
Educación Física		2	
Proxecto competencial			1
Hora de ler (25 minutos).	1	2	2
6ºE.P.			
Lingua galega e literatura			3
Ciencias Sociais			3
Ciencias da Natureza			2
Música		1	
Plástica			1
Relixión Católica		1	
Valores sociais e cívicos		1	
Lingua castelá e literatura		3	
Matemáticas		5	
Lingua estranxeira: inglés	3		
Educación Física		2	
Hora de ler (25 minutos).	1	2	2





### 7. ACTUACIÓNS DINAMIZADORAS.

Dende o equipo directivo, departamento de Orientación, EDL, de Biblioteca, así como as demais coordinacións dos equipos docentes, propiciarase todo tipo de actuacións dinamizadoras que favorezan o coñecemento, uso e práctica das distintas linguas, entre as que cómpre sinalar:

- Proporcionarlle ao profesorado información sobre materiais didácticos, lingüísticos e pedagóxicos existentes, prestando atención aos materiais relacionados coas TICs.
- Realización de visitas culturais e educativas para participar en actividades organizadas desde o centro, o Concello ou outros organismos.
- Crear espazos para a exposición de materiais que se vaian facendo nas diferentes aulas.
- Realizar publicacións que recuperen informacións sobre as tradicións da zona.
- Confección e edición da revista escolar (en formato dixital) e outras publicacións.
- Realizacións de actividades relacionadas cos xogos tradicionais.
- Celebración da Semana das Letras Galegas e do Día do Libro, da Biblioteca...
- Presentación de libros na biblioteca editados nos distintos idiomas ao longo do curso escolar.
- Relación cos EDL doutros centros para realizar actividades conxuntas e intercambiar experiencias.
- Realización, a ser posible, de obras de teatro nas distintas linguas do centro.
- Participación en concursos relacionados co uso das linguas.
- Desenvolvemento de actividades en torno ás festividades interculturais típicas: magosto, samaín, nadal, entroido...



## 8. CRITERIOS PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO.

Ao longo de cada curso escolar farase un seguimento do Proxecto Lingüístico do Centro, para comprobar as deficiencias detectadas e promover as melloras que procedan. No mes de xuño, na memoria anual, recollerase a avaliación do proxecto que se efectuará tendo en conta os seguintes criterios:

- Consecución dos obxectivos propostos.
- Análise das actuacións dinamizadoras levadas a cabo.
- Valoración do grao de implicación dos membros da comunidade educativa.
- Análise dos materiais e recursos empregados.
- Progreso do alumnado na adquisición de competencias lingüísticas tendo en conta as propostas realizadas.
- Valoración da incidencia do proxecto na comunidade educativa.
- Avaliación dos resultados das actividades levadas a cabo: consecución dos obxectivos, participación, interese,...

O Proxecto Lingüístico foi elaborado polo equipo directivo coa colaboración do claustro de mestres/as, quedando así informados do mesmo; ademais foi avaliado e aprobado polo Consello Escolar na reunión ordinaria que tivo lugar o día 24 de abril de 2023.

O director e presidente do consello escolar.

44464921X Firmado  
MARCOS digitalmente por  
BOVEDA (R: MARCOS BOVEDA  
Q6555002B (R: Q6555002B)  
Fecha: 2023.04.25  
) 09:38:31 +02'00'

Asdo: Marcos Bóveda González.